



BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOCE MONITORES DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE.

1ª.- Obxecto da convocatoria.- Convócanse probas para a contratación de 12 Monitores de actividades de ocio e tempo libre para a realización das actividades de ocio e tempo libre organizados pola Concellaría de Educación e Xuventude durante o período de dous meses (do 30 de xuño ao 29 de agosto), mediante contrato laboral de duración determinada por acumulación de tarefas, a tempo parcial (4 horas). As retribucións a percibir serán de 615,00 €/mes.

2ª.- Condicións ou requisitos que deben reunir ou cumprir os aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, ou estranxeiro residente legalmente en España, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, en caso de superación del proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para ser contratados.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias, do título oficial de Monitor de Actividades de Ocio e Tempo Libre expedido pola comunidade autónoma.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.
- e) Non haber sido separado mediante procedemento disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do certificado correspondente de manipulador de alimentos.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de instancias.

3.- Solicitudes.- As instancias, dirixidas ó Sr. Alcalde, presentaránse no Rexistro Xeral do Concello, en horas de oficina, durante o prazo de dez días naturais a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior circulación da provincia.

Unirásese á instancia, inexcusablemente:

- Relación de méritos alegados polo aspirante, xunto coa documentación xustificativa de tales méritos, en orixinal ou fotocopia compulsada, pois non se terán en conta aqueles

méritos que non queden debidamente acreditados en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de pago das taxas de dereitos de exame

4.- Dereitos de exame.- Os dereitos de participación no proceso selectivo fíxase na cantidade de 10 euros, segundo establece a Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, e se pagarán na conta que o Concello ten aberta en calquera das entidades bancarias: Caixanova, Caixa Galicia, La Caixa, BBVA, Banco Pastor, Banco Galicia, Banco Etcheverría ou Banco Gallego. Serán devoltos unicamente no caso de que o aspirante non sexa admitido ó proceso selectivo.

5.- Admisión de aspirantes:

Para ser admitido á selección bastará con que os aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 2ª.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará resolución aprobando a lista de admitidos e excluídos, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación o primeiro día hábil seguinte ó de fin do prazo de presentación de instancias.

6.- Órgano de selección: Estará formado por un Presidente e un Secretario, funcionarios do Concello de Sada, e por tres vogais, designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Tódolos vogais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira das sinaladas no Real Decreto 462/2002.

7º.- Desenvolvemento da selección.

O concurso consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes segundo o seguinte baremo:

1) Experiencia profesional:

- Servicios prestados en postos de igual natureza á Administración Local: 0,50 puntos por mes de servicio
- Servicios prestados en postos de igual natureza doutras Administracións Públicas: 0,25 puntos por mes de servicio.
- Servicios prestados en postos de igual natureza en empresas privadas: 0,15 puntos por mes de servicio.

Puntuación máxima: 4 puntos

2) Cursos de formación e perfeccionamento impartidos pola Administración Pública, Universidade e outras entidades legalmente establecidas, relacionados coas funcións propias do posto obxecto desta convocatoria (non se valoran cursos de informática):

- Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,5 puntos
- Por cada curso de máis de 51 a 100 horas: 1 puntos.
- Por cada curso de máis de 101 horas: 2 puntos.

Puntuación máxima: 6 puntos

3) Coñecemento da lingua galega:

- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,50 punto.
- De acreditar os dous cursos valorarase só o de maior puntuación.

4) Por posuír titulacións académicas relacionadas coa educación e o deporte: 1 punto c/u

A puntuación e a orde de calificación definitiva dos aspirantes virá determinado pola suma dos puntos obtidos na valoración, en caso de producirse empate na puntuación de méritos polos aspirantes prevalecerá a maior puntuación obtida no apartado 1º.

O Tribunal ten facultade para resolver as dúbidas que xurdan na aplicación dos criterios de valoración fixados e para adoptar os acordos que correspondan en relación cos supostos non previstos nas presentes Bases.

O Tribunal en ningún caso poderá aprobar ou declarar que superou as probas un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.

8º.- Resultados da selección

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta de candidato para a formalización do contrato, a favor dos aspirantes posuidores da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión.

9º.- Presentación de documentos e formalización do contrato

No prazo de dous días naturais a contar desde a publicación do resultado do concurso, os aspirantes seleccionados deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria., presentando os seguintes documentos:

- 1) Fotocopia compulsada do título esixido.
- 2) Certificado médico de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, lesións ó corazón, etc.

Noutro caso, salvo causa de forza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen perxuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato, para o que será debidamente notificado o aspirante seleccionado. Ata a formalización do contrato, o seleccionado non terá dereito a percepción económica algunha.

10º.- Norma final

As bases e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo.

—

DILIXENCIA.- As presentes Bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía desta mesma data.

Sada, de maio de 2.008

O Secretario,

Asdo.- Emilio Seijo Frías